



15ª Edición - 2023

FICHA DIDÁCTICA





Nombre

Biel

Idade

2 anos

País

Sudán do Sur

Soño

A súa nai soña con el medrar san e nun país en paz.

COÑECE UN POUCO MÁIS SOBRE COMO É A VIDA DE BIEL

Como pode un neno de dous anos de Sudán do Sur padecer as consecuencias de guerras que se loitan a milleiros de quilómetros da súa casa? Aker, a nai de Biel, ten un soño moi claro: que o seu fillo medre san e que ningunha doenza que se poida evitar teña consecuencias fatais.

A historia de Biel, na súa curta vida, **está chea de esforzos por parte da súa nai para el medrar san**. Porén, hai pouco, estes esforzos estiveron a piques de non ser abondo. Biel nunca enfermara antes, mais cando comezaron as diarreas e a febre soubo que algo ía mal, así que o levou ó hospital, onde lle deron sobres *plumpy nut* tras dicirlle que sufría desnutrición.

A culpa do mal estado de Biel e doutros nenos e nenas é a combinación letal de conflitos nas zonas próximas, aínda que tamén os conflitos de Europa e Asia, e cambio climático, que fai que os fenómenos atmosféricos sexan máis extremos. O pai de Biel foi asasinado polas milicias que espallan a violencia pola rexión, perderon a súa casa por mor dos asolagamentos producidos polo cambio climático e, por causa deste tamén, perderon as colleitas que tiñan. Todo isto provocou que Aker perdese o seu marido, ademais doutros dous fillos por culpa da mala nutrición. Agora intenta protexer e salvar a Biel.

Save the Children transfírelle diñeiro en efectivo a Aker co que pode pagar os tratamentos que necesita Biel, mercar comida e reconstruír a súa casa.

O soño de Aker pódese ir cumprindo porque Biel xa se recuperou da desnutrición. No entanto, aínda seguirá necesitando a nosa axuda porque, como xa vimos, a inestabilidade mundial producida polos conflitos chega a lugares tan remotos como a casa onde viven Biel e a súa nai.

A inestabilidade política e económica de moitos países do continente africano supón unha traba para eles progresaren á velocidade desexada. A fame, o cambio climático ou as guerras son factores que frean o seu crecemento e mesmo padecen os efectos de sucesos que se producen moi lonxe. O caso de Sudán do Sur é un exemplo claro: un país que vén de separarse recentemente de Sudán e cuxa poboación continúa sufrindo problemas de nutrición, especialmente as nenas e nenos, por causas sobre os que non teñen control directo.

Os asolagamentos xeneralizados dos últimos meses, o conflito intercomunitario e a suba dos prezos dos alimentos provocaron en Sudán do Sur a peor crise de fame desde a súa independencia en 2011, con cada vez máis nenas e nenos en risco diario de padecer desnutrición e doenzas. Calcúlase que 1,4 millóns de nenas e nenos menores de cinco anos sofren desnutrición.

Save the Children leva traballando en Sudán do Sur desde a súa independencia en 2011. En 2021, a organización chegou a 2,2 millóns de persoas, incluídas 1,5 millóns de nenas e nenos, grazas aos distintos programas que existen no país centrados na saúde, a nutrición, a educación a hixiene e a protección da infancia.

Coas seguintes actividades que vos propomos, queremos sensibilizar o voso alumnado ante a situación de desprotección que sofren milleiros de nenas e nenos, que viron as súas vidas cambiar dun día para outro e que non saben cando recuperarán a situación de seguridade que antes tiñan.

Podedes decorar o marcapáxinas coas ideas e reflexións expostas na clase por parte das vosas alumnas e alumnos, que poden personalizar os seus marcapáxinas con outras nenas e nenos que sofren as consecuencias dalgún conflito, como forma de contarlles ós seus familiares o que aprenderon e viron na clase.



OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura a través da historia proposta.
- Coñecer e descubrir o medio que a rodea, establecendo comparacións con outros medios.
- Fomentar ferramentas de investigación.
- Fomentar a lecto-escritura por medio de propostas didácticas.
- Fomentar, poñer en valor e exercer a solidariedade diariamente.

As seguintes propostas están pensadas para seren realizadas segundo a etapa na que se encontre a alumna ou alumno, aínda que podedes adaptalas ao voso grupo como mellor consideredes.

INFANTIL

Cal é a nosa comida favorita? Que alimentos nos dan máis enerxía e nos fan medrar saudables? No caso de Biel, a situación complícase porque non sempre puido ter ao alcance os alimentos que necesita. Imos crear en grupo a pirámide da enerxía cos alimentos necesarios para gozarmos de boa saúde (podedes utilizar fotografías e sinalar os alimentos que compoñen a base da alimentación en países como Sudán do Sur, como poden ser os cereais, os ovos, algunhas verduras e reflexionar se as nenas ou os nenos como Biel poden comer todo o que nós podemos comer aquí).

PRIMARIA

Biel é un neno pequeno que non pode comer todo o que nós podemos comer agora. O peor é que esta situación non mudará tampouco cando sexa maior. Imos comparar como sería o noso prato favorito, que ingredientes tería e como sería o de Biel, que tipo de alimentos teñen as nenas e os nenos en Sudán do Sur e que alimentos non coñecen; se comen máis carne ou máis peixe, cereais, etc... cal é a base da súa alimentación.

O meu prato favorito	O seu prato favorito

SECUNDARIA

Convidámosvos a investigar sobre este país, un país constituído como tal hai moi pouco tempo e onde case a metade da poboación ten menos de 15 anos. Cando se separou de Sudán? Que consecuencias houbo a nivel social e económico? Hai conflitos internos no país? Podedes compartir co resto de compañeiros e compañeiras aquilo que aprendestes sobre este país.



DI SI Á PAZ

Sabemos o importante que é educar para resolver conflitos pacificamente e estimular unha cultura baseada no diálogo e a empatía. Desde Save the Children cremos no alumnado como protagonista da acción, que se mobiliza para mudar o mundo e se forma en valores de solidariedade, respecto e nunha cultura de paz.

Mobilízate coas túas alumnas e alumnos coas actividades nas que te inscribiches. Precisamos unha marea de colexios que berren con forza un SI Á PAZ.



**SI TE MOVES,
O MUNDO MÓVESE**



Save the Children